



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE DRUPAL PARA A REALIZACIÓN DA DRUPALCAMP2025 UN ENCONTRO PARA PROMOCIÓN DO SOFTWARE LIBRE DRUPAL EN GALICIA

Segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

A Asociación española de Drupal (en diante AED) é unha asociación sen ánimo de lucro, que ten coma principais fins:

- Fomentar o uso do software libre coñecido coma DRUPAL en España.
- Organizar, fagrupar e representar os usuarios de Drupal en España.
- Incentivar e canalizar as participación comunitarias dos mesmos.

Que as principais activiades de AED son:

- Levar a cabo calquera tipo de acción en apoio do desenvolvemento, comunicación, promoción, formación e distribución do software libre coñecido como DRUPAL.
- Colaborar nas accións que poidan levar a cabo outras asociacións dentro do ámbito de actuación desta entidade.
- Colaborar en proxectos de software libre en concordancia co resto de finalidades e ámbitos desta entidade.
- Organizar, apoiar e celebrar reunións anuais ou de calquera outra periodicidade abertas a todas as persoas que queiran acudir, sexan socios ou non, co fin de dar a coñecer o software libre Drupal.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos





A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios o impulso á implantación do Software Libre e o uso de estándares abertos na nosa comunidade como peza clave para facilitar o acceso á Sociedade da Información en condicións de igualdade, axudando ademais a un mellor desenvolvemento da industria TIC local.

O 3 de decembro de 2020 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos e todas, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental

Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

O presente Convenio de colaboración entre a Amtega e AED ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as partes anteriormente citadas para a realización de actuacións de comunicación, promoción, formación e distribución do software libre coñecido como Drupal en Galicia, para o fomento da Sociedade da Información en Galicia.

É evidente pois, que á colaboración ente Amtega e AED ten un carácter de gran interese común para as partes xa que contribuirá a:

- Incorporar a accesibilidade as tecnoloxías como condición indispensable das actuacións.
- Difusión e divulgación das vantaxes da incorporación das TIC en todos os sectores, así como do sector profesional das TIC na comunidade galega.

Financiamento

As actuacións previstas no convenio non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria.

Santiago de Compostela,

O xerente da Amtega

José Luis Somoza Digón

